



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

BORRADOR ACTA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DA CORPORACION DE 23/07/2009 ACTA Nº 8

ASISTENTES:

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente, grupo PSOE
D. Ildfonso José Piñeiro Díaz, Tenente de Alcalde, grupo BNG
D. Xosé Manuel Ledo Fernández, grupo PSOE
D^a M^a Amadora Gómez Álvarez, grupo PSOE
D. Hector Ledo Rodríguez, grupo PSOE
D. Xesús Mazaira Varela, grupo BNG
D^a. Olga Otero Gómez, grupo BNG
D. José Castor Novoa Fernández, grupo PP
D. Manuel Diéguez Carballo, grupo PP.
D^a. M^a Cándida Carneiro Blanco, grupo PP
D. José Luís Janeiro Rodríguez, grupo PP
D^a M^a Isabel Carbón Seijas, grupo PP

Ausentes:

D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, grupo PP, que xustificou a súa ausencia.

SECRETARIO:

D. Rafael del Barrio Berbel.

INTERVENTORA:

D^a Mónica Legaspi Díaz

No salón de sesións da casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo as quince horas do día vinte e tres de xullo de dous mil nove, reuníronse logo de convocatoria en legal forma practicada os señores concelleiros e concelleiras que se relacionan arriba e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, e asistidos por min, o secretario, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria urgente en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a

ORDE DO DÍA:

1º.- PRONUNCIAMIENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA PRESENTE CONVOCATORIA.

O Sr. Alcalde xustifica a urxencia da convocatoria, ao amparo dos artigos 79, 82.3 e 97.2 do RD 2568/1986, na necesidade de cunprir os prazos da formalización da operación de crédito ao amparo do Real Decreto Lei 5/2009.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Sometida a urxencia da convocatoria a votación é aprobada por unanimidade dos membros presentes.

1º.- ADXUDICACIÓN DA OPERACIÓN DE ENDEBEDAMENTO AO AMPARO DO RDLEI 5/2009, DE 24 DE ABRIL PARA FINANCIAR O EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 606.005,80 EUROS.

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas, por motivos de urxencia xustificadas ao amparo dos artigos 79, 82.3 e 97.2 do RD 2568/1986.

Resultando que na sesión plenaria extraordinaria do día 21/07/2009 aprobouse o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 606.005,80 euros, o expediente de endebedamento financeiro por importe de 606.005,80 euros, e o plan de saneamento por importe total do endebedamento, segundo o establecido no Real Decreto Lei 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinariase urgentes para facilitar ás Entidades Locais o saneamento das débedas pedentes de pago con empresas e autónomos.

Vistos os informes da Intervención que acompaña á liquidación do Orzamento de 2008, ó Orzamento do exercicio 2009, e ó expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 606.005,80 euros.

Vista a acta da Mesa de contratación do día 23/07/2009 na que se propoñe a adxudicación da operación de crédito á oferta presentada pola entidade BBVA, S.A., segundo o seguinte orde de prelación: 1º BBVA, 2º Caixa Galicia, 3º Caixa Rural, 4º Banco Gallego.

Considerando o disposto na Lei de Facendas Locais, RDL 2/2004, de 5 de marzo, no RD 500/90; na Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local; e no artigo 53.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA:

PRIMEIRO.- Adxudicar á entidade bancaria BBVA, S.A. a operación de endebedamento ao amparo do RDLei 5/2009, de 24 de abril, que financia o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 606.005,80 euros, segundo as bases da convocatoria e as seguintes condicións ofertadas polo adxudicatario:

- Modalidad: Préstamo simple.
- Importe: 606.005,80
- Plazo de amortización: 6 años.
- Plazo de carencia: Sin carencia.
- Interés: Tipo variable referenciado al Euribor 90 días + 1,45%.
- Comisiones: Exento.
- Liquidación de intereses: Trimestralmente.
- Cuotas: Cuotas trimestrales constantes de amortización mas intereses.
- Gastos de formalización: Ninguno.
- Otras comisiones: No hay.
- Formalización: Ante el Secretario del Concello, que actuará como fedatario público."

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo a tódalas entidades bancarias participantes, e requerir ao adxudicatario para a formalización urxente da operación bancaria o día 24/07/2009 no Concello de Chantada.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

TERCERO.- Dar traslado do expediente aos servizos económicos do concello para que comuniquen a presente operación de endeudamento e o plan de saneamento ao Ministerio de Economía e Facenda, apliquen o importe da operación á cancelación das deudas recoñecidas no prazo dun mes, e realicen os demais trámites preceptivos segundo o establecido no RDlei 5/2009.

E sendo as quince horas e quince minutos, e tendo cumprido o obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como secretario, dou fé e certifico.

Chantada, 23 de xullo de 2009

O ALCALDE

O SECRETARIO

Manuel Anxo Taboada Rodríguez

Rafael del Barrio Berbel